

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DA XESTIÓN NO PROXECTO GERÉS-XURÉS DINÁMICO APROBADO NA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA INTERREG V-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP), COFINANCIADO NUN 75% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, a 7 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica de Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.




Doutra parte, Dona María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (GOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo artigo 15 do anexo I, tamén do Decreto 196/2012.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimación necesarias para subscribir o presente acordo, e a tal fin

EXPOÑEN

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, participa como beneficiaria principal no proxecto de cooperación interrexional España-Portugal (POCTEP) GERÉS_XURÉS DINÁMICO, cofinanciado pola UE e orientado ao fomento da participación activa dos actores do territorio, a promoción do seu desenvolvemento económico e turístico sustentable e a protección e conservación do seu patrimonio natural e cultural.

A Axencia Turismo de Galicia é tamén socia deste proxecto que busca afrontar os retos e as oportunidades comúns á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gêres-Xurés prestando especial atención aos problemas conxuntos relacionados coa conservación e xestión dos recursos naturais e aos desafíos do desenvolvemento socioeconómico sustentable, priorizando aquelas actuacións de carácter transfronteirizo e de cooperación entre as dúas rexións.



Santiago, 10 SET. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda

A variedade e complexidade das diferentes tarefas a desenvolver dentro da xestión dun proxecto europeo, ademais da existencia de requirimentos especiais en materia de xustificación de gastos dentro do proxecto así como a existencia dunha ferramenta específica para a realización da devandita xustificación, determinou que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Axencia Turismo de Galicia inclúsen dentro do presuposto de gastos aprobados coa candidatura do proxecto a contratación de persoal técnico especializado na xestión e coordinación de proxectos no ámbito do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP).

En concreto, entre as funcións que debe asumir devandito persoal técnico destacan as seguintes:

- A xestión do proxecto desde o punto de vista administrativo e económico durante todo o período de execución do mesmo.
- A asistencia na xestión financeira e administrativa do proxecto.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.


A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Toda vez que a contratación do servizo de apoio técnico ao proxecto é un gasto común ás dúas entidades, e toda vez que a lexislación vixente permite a celebración de acordos de colaboración entre es administracións coa finalidade de desenvolver unha actividade común mediante a achega de recursos financeiros para a obtención da finalidade compartida, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia Turismo de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acceden á firma deste acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- OBXECTO

O presente acordo ten por obxecto establecer as pautas que se seguerán na colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia Turismo de Galicia para o financiamento e sustentabilidade conxunta no acompañamento e asesoramento na xestión e coordinación do proxecto 0220_GERÉS_XURÉS_DINÁMICO_1_E aprobado no ámbito do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP).

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 10 SET. 2018 2

Asdo.: Manuel Araújo Moreda

2.- OBRIGAS DAS PARTES

Para materializar o obxecto do presente acordo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comprométese á realizar a xestión e coordinación do proxecto 0220_GERÉS_XURÉS_DINÁMICO_1_E aprobado no ámbito do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP), así como a aportar a financiación que se detalla na cláusula terceira.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a financiar a xestión e coordinación do proxecto 0220_GERÉS_XURÉS_DINÁMICO_1_E aprobado no ámbito do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) que realice a Dirección Xeral de Patrimonio Natural consonte á cláusula cuarta deste acordo.

3.- FINANCIAMENTO

O orzamento deste acordo comprenderá a suma de todos os importes que teñen asignadas as dúas entidades asinantes no proxecto 0220_GERÉS_XURÉS_DINÁMICO_1_E, destinados á asistencia técnica.

O importe total do financiamento ascende a vinte un mil trescentos corenta e cinco euros con sesenta e un céntimos de euro (21.345,61 €).

A achega da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio será de 12.344,42 € (doce mil trescentos corenta e catro euros con corenta e dos céntimos con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.640.3 e coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2018 : 6.000,00 €
- Anualidade 2019: 6.344,42 €



A achega da Axencia Turismo de Galicia será de 9.001,19€ (nove mil un euros con dezanove céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.640.3 e coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2018 : 6.750,00 €
- Anualidade 2019: 2.251,19 €

4.- ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

Ao abeiro do presente acordo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, desenvolverá as seguintes actuacións:

- 1) O acompañamento e asesoramento na xestión e coordinación do proxecto 0220_GERÉS_XURÉS_DINÁMICO_1_E aprobado no ámbito do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP).
- 2) A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Dirección Xeral



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 10 SET. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda

de Patrimonio Natural, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Calquera outra que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Axencia de Turismo Galicia, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima dos intervinientes.

5.- VIXENCIA DO ACORDO

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o seu obxecto, e en todo caso, como data máxima ata o 31 de marzo de 2020.

Non obstante, poderá prorrogarse se as partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do acordo de colaboración.

A prórroga materializarase mediante a subscripción dunha addenda ao acordo de colaboración, con antelación á finalización da súa vixencia.

6.- MODIFICACIÓN DO ACORDO

No caso de que se acorden actuacións que non sexan complementarias das incluídas na cláusula cuarta, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á dita cláusula.

7.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo de colaboración, e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

8.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO


Para o seguimento do presente acordo de colaboración establecerase unha comisión mixta na que participará dous representantes por cada unha das partes asinantes.

A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste acordo de colaboración, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:


- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste acordo, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer addendas ou modificacións a este acordo para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- Seguimento das actividades contempladas no presente acordo.

A Comisión Mixta de seguimento reunirse na periodicidade que se estime necesario convocar.

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago,

10 SET. 2018


Asdo.: Manuel Araújo Moreda

9.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS


Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia sen prexuízo do disposto na cláusula anterior (comisión de seguimento).

E, en proba de conformidade co arriba exposto, asinan este acordo por triplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio



Beatriz Mato Otero

A directora da Axencia Turismo de Galicia


Maria Nava Castro Domínguez

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 10 SET, 2018


Asdo.: Manuel Araújo Moreda